

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12961 *Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

I

Os dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos na Constitución, transcorridos máis de trinta anos desde a súa promulgación, están fondamente consolidados na nosa sociedade. Nesta lei actualízase a regulación do seu exercicio polos membros das Forzas Armadas, tendo en conta a súa condición de servidores públicos sometidos a disciplina militar, para adecuala a esa realidade social e ao previsto na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional.

De especial relevancia na materia son as referencias contidas na Constitución e as incluídas nas leis orgánicas do seu desenvolvemento, así como a xurisprudencia emanada do Tribunal Constitucional. Tamén é necesario considerar determinados artigos, aínda vixentes, da Lei 85/1978, do 28 de decembro, de reais ordenanzas para as Forzas Armadas.

Desde entón, os exércitos evolucionaron nun proceso constante de profunda transformación e modernización e alcanzaron con éxito o obxectivo da súa plena profesionalización. Con esta lei dáse continuidade a ese proceso para actualizar o ordenamento lexislativo na materia.

Os membros das Forzas Armadas gozan dos dereitos fundamentais e liberdades públicas de aplicación xeral a todos os cidadáns e as limitacións para o seu exercicio deben ser proporcionadas e respectuosas co seu contido esencial. Débense establecer co obxectivo de que as Forzas Armadas, mantendo as súas características de disciplina, xerarquía e unidade e o principio de neutralidade, estean en condicións de responder ás exigencias no ámbito da seguranza e a defensa nacional.

Respecto aos deberes, que caracterizan a condición militar, son esenciais o de defender España, o de cumprir as misións asignadas na Constitución e na Lei orgánica da defensa nacional e o de actuar conforme as regras de comportamento do militar que se basean en valores tradicionais da milicia e se adaptan á realidade da sociedade española e á súa integración no escenario internacional.

En función dos anteriores criterios, con esta lei complétase o estatuto dos membros das Forzas Armadas, sustentado no adecuado equilibrio entre o exercicio de dereitos e a asunción de deberes, para facer posible o cumprimento das misións das Forzas Armadas e a aplicación do principio de eficacia predicable de toda Administración pública, a que se refire o artigo 103.1 da Constitución, de especial consideración no caso do militar que é depositario da forza e debe estar capacitado e preparado para, baixo as ordes do Goberno, usala adecuadamente.

Con todo isto dáse cumprimento ao mandado da disposición derradeira terceira da Lei orgánica da defensa nacional, segundo as previsións contidas no punto IX do preámbulo da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

II

As novidades máis relevantes son a regulación do dereito de asociación, a creación do Consello de Persoal das Forzas Armadas e a do Observatorio da Vida Militar.

Coa primeira prodúcese un importante avance cualitativo ao regular o exercicio dese dereito fundamental no ámbito profesional, unha das vías para propiciar a participación e colaboración dos membros das Forzas Armadas na configuración do seu réxime de persoal.

Os militares poden constituír e formar parte de asociacións, de acordo coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A remisión que efectuaba ás reais ordenanzas para as Forzas Armadas, aprobadas pola Lei 85/1978, do 28 de decembro, é substituída por esta lei orgánica na cal se establecen as especialidades do dereito de asociación con fins profesionais fundamentándose nos artigos 8, 22 e 28 da Constitución, coa interpretación que deriva da Sentenza do Tribunal Constitucional 219/2001, do 31 de outubro.

Neste senso, regúlanse as asociacións profesionais integradas por membros das Forzas Armadas para a defensa e promoción dos seus intereses profesionais, económicos e sociais, fíxanse as normas relativas á súa constitución e réxime xurídico e créase un rexistro específico para estas asociacións no Ministerio de Defensa.

As asociacións poderán realizar propostas e dirixir solicitudes e suxestións, así como recibir información sobre os asuntos que favorezan a consecución dos seus fins estatutarios. Seguindo o criterio xurisprudencial referido, estas formas de participación non poderán amparar procedementos ou actitudes de natureza sindical como a negociación colectiva, as medidas de conflito colectivo ou o exercicio do dereito de folga.

As que teñan unha porcentaxe determinada de afiliados participarán no Consello de Persoal das Forzas Armadas e poderán contribuír, por medio de informes ou consultas, ao proceso de elaboración de proxectos normativos que afecten o réxime de persoal.

Co citado Consello establécense e formalízanse as relacións entre o Ministerio de Defensa e as asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas e pónense en marcha mecanismos de información, consulta e proposta sobre o réxime do persoal militar. Preténdese que esta vía sexa un complemento adecuado da representación institucional que se exerce a través da cadea de mando militar e das vías previstas nesta lei para a presentación polos membros das Forzas Armadas de iniciativas e queixas no ámbito interno.

Esta lei establece os criterios substantivos sobre o funcionamento do Consello de Persoal, a súa composición básica, funcións, réxime de traballo e vías para a presentación das propostas polas asociacións.

En cumprimento da disposición derradeira terceira da Lei orgánica da defensa nacional créase o Observatorio da Vida Militar, que se configura como un órgano colexiado, asesor e consultivo, cuxas funcións son analizar aquelas cuestións que incidan no exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas dos membros das Forzas Armadas e fomentar aquelas actuacións que coadruen á mellor regulación da condición militar.

O Observatorio estará composto por un número reducido de personalidades de recoñecido prestixio nos ámbitos da defensa, no de recursos humanos ou no de dereitos fundamentais e liberdades públicas, cuxo nomeamento corresponderá ao Congreso dos Deputados e ao Senado.

Todo isto permitirá que se converta nun órgano básico na análise da condición militar e garante do equilibrio entre deberes e dereitos para que as Forzas Armadas estean en condicións de cumprir adecuadamente as súas misións, ao servizo de España e da paz e seguranza internacionais.

As súas análises e estudos terán carácter xeral e, por tanto, non será órgano competente para tramitar ou resolver queixas de carácter individual. Non obstante, poderán recibir iniciativas sobre casos concretos, para que, co seu exame e as recomendacións correspondentes, se poidan propiciar solucións de aplicación xeral para os membros das Forzas Armadas.

III

Esta lei orgánica estrutúrase en seis títulos, con 56 artigos. O preliminar inclúe, ademais das disposicións sobre o obxecto e o ámbito de aplicación, unha serie de artigos que constitúen preceptos esenciais tanto para a regulación dos dereitos como para a determinación das obrigas do militar, como son o deber de acatamento da Constitución, o principio de igualdade, as regras de comportamento do militar e o deber de neutralidade política e sindical.

En aplicación da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e da Lei da carreira militar, o criterio de xénero na regulación do exercicio dos dereitos e liberdades, a efectividade da igualdade entre as mulleres e os homes militares e a eliminación de calquera discriminación por razón de sexo ou xénero son principios transversais nesta lei.

As regras de comportamento do militar aparecen definidas no artigo 4 da Lei da carreira militar e o seu desenvolvemento regulamentario contense nas reais ordenanzas para as Forzas Armadas, aprobadas polo Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro. Nesta lei orgánica reproducése a redacción do citado precepto con dúas importantes novidades.

A primeira, que xa figura nas mencionadas reais ordenanzas, consiste na incorporación na regra sétima do artigo 6.1 desta lei orgánica do esencial principio de unidade, indispensable xunto cos de xerarquía e disciplina para conseguir a máxima eficacia na acción das Forzas Armadas.

A segunda, que se materializa na regra cuarta do mesmo artigo 6.1, é unha referencia explícita aos diferentes escenarios de crise, conflito ou guerra en que o militar pode desempeñar as súas funcións e ter que afrontar situacións de combate.

No título I régúlese o exercicio polos militares dos dereitos fundamentais e liberdades públicas que requiren tratamento específico, concretamente a liberdade persoal, o dereito á intimidade, a liberdade de desprazamento, a de expresión, o dereito de reunión, o de asociación, o de sufraxio e o de petición. O título cérrase co dereito do militar de dirixirse ao Defensor do Pobo.

No ámbito das Forzas Armadas respectarase e protexerase o dereito á liberdade relixiosa, que se exercerá de acordo coa Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, sen prexuízo da asistencia relixiosa que debe garantir o Goberno de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei da carreira militar.

O título II sistematiza os dereitos e deberes de carácter profesional e os dereitos de protección social, enlazando coa lexislación vixente sobre persoal militar e réxime especial de seguranza social das Forzas Armadas. O seu primeiro capítulo refírese a este tipo de dereitos e deberes e no segundo dáse tratamento específico e diferenciado ao apoio ao persoal, configurándose como un sistema integrado de atención aos dereitos e necesidades de benestar social dos membros das Forzas Armadas.

O título III dedícase ao asociacionismo profesional, e no seu capítulo primeiro régúlese o réxime xurídico das asociacións dese carácter integradas por membros das Forzas Armadas. A configuración do novo Consello de Persoal, especial canle de participación das asociacións profesionais, inclúese nun segundo capítulo.

No título IV establécese o réxime de dereitos fundamentais e liberdades públicas dos reservistas, cidadáns que, dadas as súas peculiaridades específicas, necesitan tratamento diferenciado, xa que soamente terán condición militar cando se encontren activados e, en consecuencia, incorporados ás Forzas Armadas.

No título V régúlese o Observatorio da Vida Militar. A través dos seus catro artigos determinase o obxecto e natureza deste órgano, as súas funcións, composición e funcionamento.

Para os efectos desta lei o termo «unidade», na súa acepción de entidade orgánica, pode facer referencia tanto a unha unidade militar ou buque e, se for o caso, centro ou organismo, como a unha base, acuartelamento ou establecemento.

IV

A parte final da lei inclúe dúas disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e quince derradeiras.

A disposición adicional primeira refírese á afiliación de militares retirados en asociacións profesionais e a outro tipo de asociacións a que poden pertencer. Tamén se regula a presenza nas reunións do Consello de Persoal das Forzas Armadas das asociacións máis representativas de militares retirados e discapacitados.

Na segunda suprímense os antigos consellos asesores de persoal, substituídos polas canles de participación establecidas nesta lei.

Por medio da disposición transitoria única e en canto non se actualice a normativa sobre o réxime de dereitos e deberes do persoal do Centro Nacional de Intelixencia, regúlase que as mencións que se efectúan nel a determinados artigos das reais ordenanzas para as Forzas Armadas, aprobadas pola Lei 85/1978, do 28 de decembro, se entenderán referidas aos correspondentes preceptos desta lei orgánica.

Varias disposicións derradeiras dedícanse a adaptar ao previsto nesta lei orgánica as normas que, en desenvolvemento da Constitución, regulan con carácter xeral o exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Na disposición derradeira quinta, como consecuencia da inclusión nesta lei orgánica das regras esenciais de comportamento do militar, procédese a dar unha nova redacción ao artigo 4.1 da Lei da carreira militar. Tamén se modifica a súa disposición adicional sexta para posibilitar que os médicos militares se formen, mediante os oportunos convenios de colaboración con universidades, na estrutura de ensinanza das Forzas Armadas. Por medio da disposición derradeira sexta modifícase o artigo 15 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, para favorecer a progresión profesional ás distintas escalas e, en concreto, a promoción interna dese persoal ás escalas de suboficiais, e coa disposición derradeira sétima engádese unha nova disposición adicional na Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas.

A disposición derradeira oitava correspóndese co mandado derivado da proposición non de lei aprobada pola Comisión de Defensa do Congreso dos Deputados na súa sesión do día 1 de abril de 2009, no sentido de realizar unha revisión en profundidade da Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das forzas armadas. Esta revisión deberá incorporar os cambios necesarios para a súa adaptación a esta lei orgánica.

Nas disposicións derradeiras novena e décima establécense prazos para a constitución do Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas e para a posta en marcha do novo Consello.

Ao Observatorio da Vida Militar, na disposición derradeira décimo primeira, asígnaselle a tarefa de efectuar análises sobre os aspectos fundamentais da lei, baseados na experiencia que se adquira na súa aplicación, así como sobre os elementos que configuran a carreira militar.

As últimas disposicións tratan da actualización do réxime transitorio da Lei da carreira militar, do fundamento constitucional desta lei, do carácter de lei ordinaria de diversos artigos e disposicións, así como da súa data de entrada en vigor.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xeraisArtigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei orgánica regula o exercicio polos membros das Forzas Armadas dos dereitos fundamentais e liberdades públicas establecidos na Constitución, coas peculiaridades derivadas do seu estatuto e condición de militar e das exixencias da seguranza e defensa nacional. Tamén inclúe os seus dereitos e deberes de carácter profesional e os dereitos de protección social.

2. Así mesmo, crea o Observatorio da Vida Militar.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Os destinatarios desta lei son todos os membros das Forzas Armadas que adquiren a condición militar segundo o establecido na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar. En consecuencia, aplícase aos membros profesionais das Forzas Armadas, salvo que estean en situacións administrativas en que teñan suspendida a súa condición de militar, e aos alumnos da ensinanza militar de formación.

2. Aos reservistas e aos aspirantes a tal condición seralles de aplicación cando se encontren incorporados ás Forzas Armadas nos termos que se especifican no título IV.

Artigo 3. *Titularidade e exercicio dos dereitos.*

Os membros das Forzas Armadas son titulares dos dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos na Constitución, sen outros límites no seu exercicio que os establecidos na propia Constitución, nas disposicións que a desenvolven, nesta lei orgánica e nas leis orgánicas penais e disciplinarias militares.

Artigo 4. *Principio de igualdade.*

1. Nas Forzas Armadas non caberá discriminación ningunha por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo, orientación sexual, relixión ou conviccións, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. As autoridades competentes promoverán as medidas necesarias para garantir que, no ámbito das Forzas Armadas, a igualdade entre o home e a muller sexa real e efectiva impedindo calquera situación de discriminación, especialmente no acceso, a prestación do servizo, a formación e a carreira militar.

Artigo 5. *Deberes de carácter xeral.*

O militar cumprirá e fará cumprir a Constitución como norma fundamental do Estado e cumprirá as obrigas militares derivadas das misións establecidas na Constitución e na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, con suxeición ás regras de comportamento que se definen nesta lei.

Artigo 6. *Regras de comportamento do militar.*

1. As regras esenciais que definen o comportamento do militar son as seguintes:

Primeira.

A disposición permanente para defender España, mesmo coa entrega da vida cando for preciso, constitúe o seu primeiro e máis fundamental deber, que debe ter a súa diaria expresión no máis exacto cumprimento dos preceptos contidos na Constitución, na Lei orgánica da defensa nacional e nesta lei.

Segunda.

Cando actúe en misións para contribuír militarmente ao mantemento da paz, estabilidade e seguranza e apoiar a axuda humanitaria, farao como instrumento da Nación española ao servizo deses fins, en estreita colaboración con exércitos de países aliados e no marco das organizacións internacionais de que España forme parte.

Terceira.

Porá todo o seu empeño en preservar a seguranza e benestar dos cidadáns durante a actuación das Forzas Armadas en supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outras necesidades públicas.

Cuarta.

Estará preparado para afrontar, con valor, abnegación e espírito de servizo, situacións de combate, calquera que for a misión das Forzas Armadas e os escenarios de crise, conflito ou guerra en que desempeñe os seus labores e exerza as súas funcións.

Quinta.

Axustará a súa conduta ao respecto das persoas, ao ben común e ao dereito internacional aplicable en conflitos armados. A dignidade e os dereitos inviolables da persoa son valores que ten obriga de respectar e dereito a exixir. En ningún caso os militares estarán sometidos, nin someterán outros, a medidas que supoñan menoscabo da dignidade persoal ou limitación indebida dos seus dereitos.

Sexta.

No emprego lexítimo da forza, fará un uso gradual e proporcionado desta, de acordo coas regras de enfrontamento establecidas para as operacións en que participe.

Sétima.

Adecuará o seu comportamento profesional, en cumprimento das súas obrigas militares, ás características das Forzas Armadas de disciplina, xerarquía e unidade, indispensables para conseguir a máxima eficacia na súa acción.

Oitava.

A disciplina, factor de cohesión que obriga a mandar con responsabilidade e a obedecer o mandado, será practicada e exixida nas Forzas Armadas como norma de actuación. Ten a súa expresión colectiva no acatamento da Constitución e a súa manifestación individual no cumprimento das ordes recibidas.

Novena.

Desempeñará as súas misións con estrito respecto á orde xerárquica militar na estrutura orgánica e operativa das Forzas Armadas, que define a situación relativa entre os seus membros en canto atinxe a mando, subordinación e responsabilidade.

Décima.

A responsabilidade no exercicio do mando militar non é renunciabile nin pode ser compartida. Os que exerzan mando tentarán inculcar unha disciplina baseada no convencemento. Todo mando ten o deber de exixir obediencia aos seus subordinados e o dereito a que se respecte a súa autoridade, pero non poderá ordenar actos contrarios ás leis ou que constitúan delito.

Décimo primeira.

Obedecerá as ordes que, conforme a dereito, son os mandados relativos ao servizo que un militar dá a un subordinado, en forma adecuada e dentro das atribucións que lle correspondan, para que leve a cabo ou omita unha actuación concreta. Tamén deberá atender os requirimentos que reciba dun militar de emprego superior referentes ás disposicións e normas xerais de orde e comportamento.

Décimo segunda.

Se as ordes entrañan a execución de actos constitutivos de delito, en particular contra a Constitución e contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado, o militar non estará obrigado a obedecelas e deberá comunicalo ao mando superior inmediato de

quen deu a orde polo conduto máis rápido e eficaz. En todo caso asumirá a grave responsabilidade da súa acción ou omisión.

Décimo terceira.

O que exerza mando reafirmará o seu liderado procurando conseguir o apoio e cooperación dos seus subordinados polo prestixio adquirido co seu exemplo, preparación e capacidade de decisión.

Décimo cuarta.

Comportarase en todo momento con lealdade e compañeirismo, como expresión da vontade de asumir solidariamente cos demais membros das Forzas Armadas o cumprimento das súas misións, contribuindo desta forma á súa unidade.

Décimo quinta.

Prepararase para alcanzar o máis alto nivel de competencia profesional, especialmente nos ámbitos operativo, técnico e de xestión de recursos, e para desenvolver a capacidade de se adaptar a diferentes misións e escenarios.

Décimo sexta.

No exercicio das súas funcións, impulsado polo sentimento da honra inspirada nas regras definidas neste artigo, cumprirá con exactitude os seus deberes e obrigas.

2. As reais ordenanzas para as Forzas Armadas desenvolverán regulamentariamente as regras de comportamento do militar, conforme o previsto na Lei orgánica da defensa nacional e nesta lei e recollerán, coas adaptacións debidas, o código de conduta dos empregados públicos.

3. O Estado proporcionará as canles, medios, accións e medidas que permitan ao militar o exercicio dos dereitos e o cumprimento das regras de comportamento definidos nesta lei. Velará especialmente polo relacionado coa preparación e competencia profesional e a asignación de medios para o cumprimento das misións encomendadas.

Artigo 7. *Neutralidade política e sindical.*

1. O militar está suxeito ao deber de neutralidade política. Non poderá fundar nin afiliarse a partidos políticos e manterá unha estrita neutralidade pública en relación coa actuación dos partidos políticos.

2. O militar non poderá exercer o dereito de sindicación e, en consecuencia, non poderá fundar nin afiliarse a sindicatos nin realizar actividades sindicais. Tampouco permitirá o seu exercicio no ámbito das Forzas Armadas, salvo as que para o persoal civil se establecen na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e demais lexislación aplicable. En todo caso, manterá a súa neutralidade en relación coa actuación dos sindicatos.

Os membros das Forzas Armadas non poderán recorrer aos medios propios da acción sindical, entendida como negociación colectiva, adopción de medidas de conflito colectivo e exercicio do dereito de folga. Tampouco poderán realizar accións substitutivas ou similares a este dereito, nin aquelas outras concertadas co fin de alterar o normal funcionamento das unidades das Forzas Armadas.

TÍTULO I

Do exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas**Artigo 8. *Liberdade persoal.***

Os membros das Forzas Armadas soamente poderán ser privados da súa liberdade nos casos previstos polas leis e na forma en que estas dispoñan.

Artigo 9. *Liberdade relixiosa.*

O militar ten dereito á liberdade relixiosa, que se protexerá e respectará de acordo coa Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo.

Artigo 10. *Dereito á intimidade e dignidade persoal.*

1. O militar ten dereito á intimidade persoal. No exercicio e salvagarda deste dereito teranse en conta as circunstancias en que teñan lugar as operacións.

Tamén ten dereito ao segredo das comunicacións e á inviolabilidade do domicilio, incluído o situado dentro de unidades, nos termos establecidos na Constitución e no resto do ordenamento xurídico.

Deberase respectar a dignidade persoal e no traballo de todo militar, especialmente fronte ao acoso, tanto sexual e por razón de sexo como profesional.

2. As revistas e inspeccións deberán respectar, en todo caso, os dereitos contidos no número anterior.

Como norma xeral, o rexistro persoal dos militares, dos seus armarios, obxectos e pertenzas que estiveren na unidade requirirá do consentimento do afectado ou resolución xudicial. Non obstante, cando existan indicios da comisión dun feito delitivo ou por razóns fundadas de saúde pública ou de seguranza, o xefe da unidade poderá autorizar tales rexistros de forma proporcionada e expresamente motivada. Estes rexistros realizaranse coa asistencia do interesado e en presenza de, ao menos, dúas testemuñas ou só destas, se o interesado debidamente notificado non asistir.

3. Os datos relativos aos membros das Forzas Armadas estarán suxeitos á lexislación sobre protección de datos de carácter persoal. Para tal efecto, os poderes públicos levarán a cabo as accións necesarias para a plena efectividade deste dereito fundamental, especialmente cando concorran circunstancias que poidan incidir na seguranza dos militares.

Artigo 11. *Liberdade de desprazamento e circulación.*

1. O militar poderá desprazarse libremente polo territorio nacional sen prexuízo das limitacións derivadas das exixencias do deber de dispoñibilidade permanente a que se refire o artigo 22.

2. Nos desprazamentos ao estranxeiro aplicaranse os mesmos criterios que aos que se realicen en territorio nacional. En función da situación internacional e en operacións militares no exterior, será preceptiva unha autorización previa de conformidade co que se estableza por orde do ministro de Defensa.

Artigo 12. *Liberdade de expresión e de información.*

1. O militar ten dereito á liberdade de expresión e a comunicar e recibir libremente información nos termos establecidos na Constitución, sen outros límites que os derivados da salvagarda da seguranza e defensa nacional, o deber de reserva e o respecto á dignidade das persoas e das institucións e poderes públicos.

2. En cumprimento do deber de neutralidade política e sindical, o militar non poderá pronunciarse publicamente nin efectuar propaganda a favor ou en contra dos partidos políticos, asociacións políticas, sindicatos, candidatos a eleccións para cargos públicos, referendos, consultas políticas ou programas ou opcións políticas.

3. Nos asuntos estritamente relacionados co servizo nas Forzas Armadas, os militares no exercicio da liberdade de expresión estarán suxeitos aos límites derivados da disciplina.

Artigo 13. *Dereito de reunión e manifestación.*

1. O militar poderá exercer o dereito de reunión, de acordo co previsto na Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión, pero non poderá organizar nin participar activamente en reunións ou manifestacións de carácter político ou sindical.

Vestindo o uniforme ou facendo uso da súa condición militar, non poderá organizar, participar nin asistir en lugares de tránsito público a manifestacións ou a reunións de carácter político, sindical ou reivindicativo.

2. As reunións que teñan lugar nas unidades deberán estar previa e expresamente autorizadas polo seu xefe, que as poderá denegar motivadamente ponderando a salvagarda da disciplina e as necesidades do servizo.

Artigo 14. *Dereito de asociación.*

1. Os militares teñen dereito a crear asociacións e asociarse libremente para a consecución de fins lícitos, de acordo co previsto na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

2. O exercicio deste dereito cando teña como fin a defensa dos seus intereses profesionais e os dereitos establecidos nesta lei orgánica axustarase ao disposto no título III, capítulo I.

3. As asociacións de membros das Forzas Armadas non poderán levar a cabo actividades políticas nin sindicais, nin vincularse con partidos políticos ou sindicatos.

Artigo 15. *Dereito de sufraxio.*

1. Os membros das Forzas Armadas teñen dereito de sufraxio activo; pódeno exercer de conformidade co establecido na lexislación sobre réxime electoral xeral. As autoridades competentes e os mandos militares establecerán os procedementos e medios necesarios para facilitar o voto dos militares que se encontren en calquera destino e misión, en especial fóra do territorio nacional ou cando estean de servizo ou garda coincidindo con xornadas electorais.

2. Os militares encóntranse incurso entre as causas de inelixibilidade que impiden o exercicio do dereito de sufraxio pasivo. Para exerceren este dereito deberán solicitar o paso á situación administrativa prevista, para estes efectos, na Lei da carreira militar.

Artigo 16. *Dereito de petición.*

O militar poderá exercer o dereito de petición só individualmente, nos supostos e coas formalidades que sinala a Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do dereito de petición. Non son obxecto deste dereito aquelas solicitudes, queixas ou suxestións para cuxa satisfacción o ordenamento xurídico establece un procedemento específico distinto ao determinado na citada lei orgánica. No artigo 28 establécense e regúlanse as vías para a presentación de iniciativas e queixas no ámbito das Forzas Armadas.

Artigo 17. *Defensor do Pobo.*

O militar poderá dirixirse individual e directamente ao Defensor do Pobo, de acordo co previsto na Lei orgánica 3/1981, do 6 de abril, do Defensor do Pobo.

TÍTULO II

Dos dereitos e deberes de carácter profesional e social

CAPÍTULO I

Dos dereitos e deberes de carácter profesional

Artigo 18. *Carreira militar.*

Os membros das Forzas Armadas teñen dereito ao desenvolvemento da súa carreira militar, combinando preparación e experiencia profesional, no referente ao réxime de ascensos, destinos e demais elementos que a configuran, de acordo coas expectativas de progreso profesional e baixo os principios de igualdade, mérito e capacidade, de conformidade cos criterios establecidos na Lei da carreira militar.

Artigo 19. *Formación e perfeccionamento.*

Os militares teñen o dereito e, se for o caso, o deber de participar nas actividades que se desenvolvan no ámbito do ensino nas Forzas Armadas, tanto no de formación como no de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional, requiridas para o adecuado exercicio profesional nos diferentes corpos e escalas, aos cales se accederá coas titulacións e demais requisitos legalmente establecidos. A selección para cursar esas actividades e as que faciliten a promoción profesional efectuarase conforme criterios obxectivos e atendendo aos principios que rexen a carreira militar.

Artigo 20. *Información, misións e outros dereitos.*

1. O que ingrese nas Forzas Armadas será informado do réxime xurídico aplicable aos seus membros, en particular dos deberes e compromisos que asume, así como dos dereitos recoñecidos no ordenamento xurídico.

2. Ao se incorporaren ao seu destino, os militares serán informados polos seus mandos dos fins, organización e funcionamento da unidade, cos condicionamentos que exixan as características dos distintos plans e operacións, así como das funcións, deberes e responsabilidades que lles incumben.

3. O militar, para o cumprimento dos seus deberes, ten dereito ao desempeño efectivo das misións ou funcións propias da súa condición e a participar na consecución dos obxectivos da unidade onde preste os seus servizos.

4. Ao militar que se lle recoñeza unha incapacidade que implique unha limitación para ocupar determinados destinos garantiráselle o principio de igualdade de trato nos destinos a que poida acceder.

5. A seguranza dos membros das Forzas Armadas deberá ser obxecto de especial protección, en razón dos riscos específicos a que están expostos. Para tal efecto, os poderes públicos levarán a cabo as accións necesarias para a plena efectividade deste dereito.

Artigo 21. *Deber de reserva.*

1. O militar está suxeito á lexislación xeral sobre segredos oficiais e materias clasificadas.

2. Gardará a debida discreción sobre feitos ou datos non clasificados relativos ao servizo dos cales tivese coñecemento polo seu cargo ou función, sen que poida difundilos por ningún medio nin facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros ou en prexuízo do interese público, especialmente das Forzas Armadas.

Artigo 22. *Dispoñibilidade, horarios, permisos e licenzas.*

1. Os militares estarán en dispoñibilidade permanente para o servizo. As exigencias desa dispoñibilidade adaptaranse ás características propias do destino e ás circunstancias da situación.

2. A xornada de traballo dos militares será, con carácter xeral, a do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado. O réxime de horario adaptaranse ás necesidades operativas e ás derivadas do funcionamento das unidades e da prestación de gardas e servizos, tomando en consideración a dispoñibilidade permanente a que se fai referencia no número anterior, así como as normas e criterios relativos á conciliación da vida profesional, persoal e familiar a que se refire a Lei da carreira militar.

3. Os militares teñen dereito a desfrutar os permisos, vacacións e licenzas establecidos con carácter xeral para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, coas necesarias adaptacións á organización e funcións específicas das Forzas Armadas que se determinen por orde do ministro de Defensa.

As necesidades do servizo prevalecerán sobre as datas e duración dos permisos, vacacións e licenzas, ben que as limitacións que se produzan deberán ser motivadas.

4. A aplicación do criterio de necesidades do servizo farase sempre de forma xustificada, motivada e individualizada. En todo caso, comunicaranse ao militar afectado a decisión adoptada.

Artigo 23. *Residencia e domicilio.*

1. O lugar de residencia do militar será o do municipio do seu destino. Tamén poderá ser un distinto sempre que se asegure o adecuado cumprimento das súas obrigas, nos termos e coas condicións que se establezan por orde do ministro de Defensa.

2. O militar ten a obriga de comunicar na súa unidade o lugar do seu domicilio habitual ou temporal, así como calquera outro dato de carácter persoal que faga posible a súa localización se as necesidades do servizo o exixen.

Artigo 24. *Uniformidade.*

1. Os militares teñen dereito ao uso do uniforme regulamentario e o deber de utilizalo durante o servizo. As normas xerais de uniformidade e as limitacións ou autorizacións no seu uso serán establecidas por orde do ministro de Defensa.

2. Os que se encontren nas situacións administrativas en que teñan suspendida a súa condición militar só poderán vestir o uniforme en actos militares e sociais solemnes ou cando sexan autorizados expresamente para isto nas súas relacións coas Forzas Armadas e sempre que non estean a exercer cargos electos de representación política.

Artigo 25. *Retribucións.*

O sistema retributivo dos militares, incluídas as retribucións diferidas, e o réxime de indemnizacións por razón do servizo son os dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado adaptados ás características das Forzas Armadas, ás peculiaridades da carreira militar e á singularidade das misións e funcións que teñen asignadas.

O Goberno procederá a efectuar as citadas adaptacións cando sexan necesarias. Por medio das retribucións complementarias atenderase ás características do exercicio da profesión militar, especialmente a responsabilidade, os diferentes graos de dispoñibilidade, o horario, a preparación técnica e as singularidades de determinadas misións.

Artigo 26. *Incompatibilidades.*

Os militares están sometidos ao réxime xeral sobre incompatibilidades, establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 27. *Prevención de riscos e protección da saúde.*

1. Os militares teñen dereito a recibir protección eficaz en materia de seguranza e saúde no exercicio da súa actividade, coas peculiaridades propias das funcións que teñen encomendadas.

2. Poderán efectuar, sen interferiren no desenvolvemento das operacións militares, as propostas de accións preventivas que coiden oportunas para mellorar a seguranza e a saúde no traballo, así como para evitar ou diminuír as situacións de risco ou perigo no desenvolvemento da actividade das Forzas Armadas, na forma e cos procedementos que se determinen por orde do ministro de Defensa.

3. Teñen a obriga de velar, mediante o cumprimento das medidas de prevención que en cada caso estean establecidas, pola súa propia seguranza e saúde no desempeño das súas funcións e polas das persoas a que poida afectar a súa actividade.

4. O Estado promoverá as medidas necesarias para garantir, no posible, a seguranza e saúde do persoal das Forzas Armadas ao utilizar os medios e equipamentos postos ao seu dispor, con especial atención aos riscos específicos que deriven das súas funcións. Para tal fin desenvolverase unha política activa de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde e proporcionaranse os equipamentos de protección individual necesarios para o cumprimento da súa misión, facilitando a formación e información suficientes en materia de prevención.

Artigo 28. *Iniciativas e queixas.*

1. O militar poderá presentar iniciativas e queixas relativas ao réxime de persoal e ás condicións de vida, de acordo co que se establece neste artigo e no seu desenvolvemento regulamentario, sen prexuízo do mantemento do conduto regular.

2. As iniciativas e propostas que afecten con carácter xeral os membros da súa categoría poderaas presentar cada militar na súa unidade ante o oficial, suboficial maior e cabo maior designados para tal efecto, os cales as trasladarán ao xefe de unidade.

O xefe de unidade atenderá e resolverá, no que estea no ámbito das súas competencias, as cuestións presentadas ou remitiraas, co informe que proceda, ao mando ou xefatura de persoal do Exército correspondente.

O mando ou xefatura de persoal avisará da recepción, analizará as propostas nos órganos que se determinen e resolverá, no ámbito das súas competencias, ou enviaraas á Subsecretaría de Defensa. Anualmente fornecerase información sobre o contido das propostas e o resultado do seu estudo.

3. Os membros das Forzas Armadas poderán presentar queixas relativas ao réxime de persoal e ás condicións de vida seguindo o conduto regular na estrutura xerárquica das Forzas Armadas e facéndoo de bo modo, verbalmente ou por escrito. Se non se consideraren suficientemente atendidas, poderán presentarse directamente e por escrito, remitindo copia ao xefe da súa unidade, ante os mandos ou órganos directivos que se determinen regulamentariamente, os cales avisarán da recepción e iniciarán, se for o caso, o procedemento que corresponda. En caso de rexeitaren a queixa, farano en escrito motivado.

4. O previsto neste artigo será sen prexuízo do exercicio dos dereitos e accións que legalmente correspondan aos membros das Forzas Armadas.

Artigo 29. *Asistencia xurídica.*

1. Os membros das Forzas Armadas teñen dereito á asistencia xurídica nas actuacións xudiciais que se dirixan contra eles como consecuencia do lexítimo desempeño das súas funcións ou cargos. Para estes efectos serán representados e defendidos en xuízo polo avogado do Estado nos termos previstos na lexislación pola que se regula o réxime da asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas e a súa normativa de desenvolvemento.

2. O Ministerio de Defensa poderá ditar normas específicas para a asistencia xurídica dos membros das Forzas Armadas cando, nun proceso ante os tribunais de xustiza, teñan

intereses contrapostos ás administracións ou organismos públicos cuxa representación legal ou convencional teñan os servizos xurídicos do Estado.

CAPÍTULO II

Apoio ao persoal

Artigo 30. *Protección social.*

1. A protección social dos militares, incluída a asistencia sanitaria, está cuberta polo Instituto Social das Forzas Armadas de acordo co previsto no texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado por Real decreto legislativo 1/2000, do 9 de xuño.

2. Esta protección social estenderase ao militar retirado ou que teña recoñecida unha pensión de inutilidade ou invalidez como consecuencia dun feito acaecido durante o período de prestación de servizos nas Forzas Armadas.

3. Con independencia dos dereitos derivados da protección social, á Sanidade militar correspóndelle prestar a atención sanitaria que se desenvolva no ámbito loxístico-operativo ou no destino.

Artigo 31. *Pensións.*

O persoal militar de carreira, os militares profesionais que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal e os alumnos dos centros docentes militares de formación están integrados no réxime de seguranza social que corresponda, en función da data de ingreso nas Forzas Armadas, coas especificidades previstas para tales colectivos na lexislación aplicable.

Artigo 32. *Accións complementarias.*

1. Como accións complementarias existirán as de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas e as relativas á acción social, que se rexerán pola súa propia lexislación. Dentro das de apoio á mobilidade xeográfica protexerase a escolarización dos seus fillos cando se deban trasladar de residencia.

2. Estableceranse plans de calidade de vida, de carácter global, dirixidos a todas as categorías e prestarase apoio específico aos militares que sexan destacados fóra do lugar de estacionamento habitual da súa unidade durante períodos prolongados, con obxecto de atender tanto as súas necesidades persoais como as que se lles poidan presentar ás súas familias.

Para isto a Administración xeral do Estado levará a cabo as iniciativas necesarias para a sinatura de convenios de colaboración coas comunidades autónomas e os concellos, no ámbito propio das súas competencias, en materia de educación, sanidade, servizos sociais e vivenda e calquera outra que incida na mellora da calidade de vida dos militares e as súas familias.

3. Ofreceranse aos membros das Forzas Armadas programas de incorporación a outros ámbitos laborais acordes co seu emprego, titulacións, anos de servizo e intereses profesionais. Os programas implantaraos o Ministerio de Defensa en colaboración coas distintas administracións públicas e co sector privado e desenvolveranse durante a vida activa do militar.

TÍTULO III

Do exercicio do dereito de asociación profesional

CAPÍTULO I

Das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas

Artigo 33. *Finalidade, ámbito e duración.*

1. As asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas que teñan como finalidade a promoción e defensa dos intereses profesionais, económicos e sociais dos seus asociados rexeranse polo disposto neste título.

2. Ademais da citada finalidade, poderán realizar actividades sociais que favorezan o exercicio da profesión, a deontoloxía militar e a difusión da cultura de seguranza e defensa, pero non poderán interferir nas decisións de política de seguranza e defensa, no planeamento e desenvolvemento das operacións militares e no emprego da forza.

3. As asociacións profesionais deberán respectar o principio de neutralidade política e sindical e non poderán incluír na súa denominación nin nos seus estatutos referencias políticas ou ideolóxicas. Tampouco poderán ter vinculación con organizacións políticas ou sindicais, realizar conxuntamente con elas pronunciamentos públicos nin participar nas súas reunións ou manifestacións.

4. Deberán ter ámbito nacional, constituiranse por tempo indefinido e non poderán establecer o seu domicilio social nas unidades nin nas dependencias do Ministerio de Defensa.

5. En ningún caso estas asociacións profesionais terán carácter lucrativo.

Artigo 34. *Composición.*

1. Para podérense afiliar ás asociacións profesionais os membros das Forzas Armadas deberanse encontrar en calquera das situacións administrativas en que, de acordo coa Lei da carreira militar, estean suxeitos ao réxime xeral de dereitos e deberes ao non ter a súa condición militar en suspenso.

2. Os que pertencen a estas asociacións poderán, despois do seu paso a retiro, permanecer afiliados a elas coas limitacións establecidas nesta lei, sempre que o permitan os seus correspondentes estatutos.

3. Os membros das Forzas Armadas soamente poderán afiliarse ás asociacións de carácter profesional reguladas neste capítulo, as cales unicamente se poderán agrupar entre elas mesmas. Tamén poderán formar parte de organizacións internacionais do seu mesmo carácter.

4. Os alumnos da ensinanza militar de formación que non teñan a condición de militar profesional non poderán pertencer a asociacións profesionais.

5. Soamente se poderá estar afiliado a unha asociación profesional das reguladas neste capítulo.

Artigo 35. *Réxime económico.*

1. As asociacións profesionais poderán financiarse a través das cotas dos seus afiliados ou outros recursos económicos que prevexan os seus estatutos.

En ningún caso poderán percibir doazóns privadas.

2. A percepción, se for o caso, de subvencións públicas realizarase con cargo aos orzamentos xerais do Estado e rexerase polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. O réxime económico das asociacións profesionais estará sometido aos principios de transparencia e publicidade.

Artigo 36. *Inscrición das asociacións profesionais.*

1. As asociacións, para poderen quedar incluídas no ámbito de aplicación deste título, deberanse inscribir no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, habilitado para o efecto no Ministerio de Defensa.

2. A inscrición practicarase por solicitude de calquera dos seus promotores, que deberán depositar no citado rexistro a acta fundacional, os seus estatutos e unha relación de promotores e dos que deles representan a asociación.

3. A solicitude de inscrición e os estatutos deberanse axustar no seu contido ao previsto na Lei orgánica reguladora do dereito de asociación e nesta lei orgánica.

4. Soamente poderá denegarse a inscrición, mediante resolución motivada do ministro de Defensa, cando a acta fundacional da asociación ou os seus estatutos non se axusten aos requisitos establecidos nesta lei orgánica e na Lei orgánica reguladora do dereito de asociación.

5. O prazo de inscrición no rexistro será de tres meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente. Transcorrido este prazo sen que se notificase resolución expresa, entenderase aceptada a solicitude de inscrición.

6. Cando se advirtan defectos formais na solicitude de inscrición ou na documentación que a acompañe, notificaranse aos representantes da asociación e suspenderase o prazo para resolver sobre a inscrición, concedendo un novo prazo de vinte días para emendar tales defectos con indicación de que, se así non o fixeren, se terán por desistidos na súa petición.

7. Para os efectos de formar parte do Consello de Persoal das Forzas Armadas, de conformidade co previsto no artigo 48.2, as asociacións deberán certificar con data do 31 de decembro de cada ano o número dos seus afiliados dos comprendidos no artigo 34.1, detallado por categorías militares, incluíndo os oficiais xerais na categoría de oficiais. A certificación formularase mediante declaración responsable, que se rexerá polo disposto no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 37. *Estatutos.*

1. Os estatutos de cada asociación deberán conter:

- a) A súa denominación.
- b) O domicilio e o ámbito nacional da súa actividade.
- c) Os fins e actividades da asociación, descritos en forma precisa.
- d) Os requisitos dos seus membros, entre os cales deberá figurar o grupo ou conxunto de militares que se poden afiliar, así como modalidades de admisión e baixa, sanción e separación dos asociados e, se for o caso, as clases destes. Poderán incluír tamén as consecuencias da falta de pagamento das cotas por parte dos asociados.

Para os efectos do artigo 48.2, deberá figurar se só poden pertencer á asociación membros dunha ou varias categorías de oficiais, suboficiais ou tropa ou mariñeira, ou de todas elas.

- e) Os dereitos e obrigas dos asociados e, se for o caso, de cada unha das modalidades.
- f) Os criterios que garantan o funcionamento democrático da asociación con pleno respecto ao pluralismo.
- g) Os órganos de goberno e representación, a súa composición, regras e procedemento para a elección e substitución dos seus membros, as súas atribucións, duración dos cargos, causas de cesamento, forma de deliberar, adoptar e executar acordos e as persoas ou cargos para certificarlos, así como os requisitos para que os citados órganos queden validamente constituídos e o número de asociados necesarios para poder convocar sesións ou propor asuntos na orde do día.
- h) O réxime de administración, contabilidade e documentación, así como a data de feche do exercicio asociativo.
- i) O patrimonio inicial e os recursos económicos de que poderá facer uso.

j) Causas de disolución e destino do patrimonio en tal suposto, que non poderá desvirtuar o carácter non lucrativo da entidade.

2. A estas asociacións seranlles de aplicación supletoria as normas establecidas na Lei orgánica reguladora do dereito de asociación, sobre funcionamento, denominacións, réxime interno, obrigas documentais e contables, responsabilidade, modificación dos estatutos, disolución e liquidación das asociacións.

Artigo 38. *Responsabilidade.*

As asociacións profesionais responderán polos actos ou acordos adoptados polos seus órganos estatutarios na esfera das súas competencias. Tamén responderán polos actos dos seus afiliados, cando se produzan no exercicio regular das funcións representativas ou se acredite que actuaban por conta das súas respectivas asociacións profesionais.

Artigo 39. *Suspensión e disolución.*

A suspensión ou disolución das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas quedará sometida ao réxime legal establecido para o dereito de asociación.

Artigo 40. *Dereitos das asociacións profesionais.*

1. As asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas terán dereito:

- a) A realizar propostas, emitir informes e dirixir solicitudes e suxestións relacionados cos seus fins.
- b) A asesorar e prestar apoio e asistencia aos seus asociados, así como representalos lexitimamente ante os órganos competentes das administracións públicas.
- c) A recibir información do Ministerio de Defensa sobre réxime de persoal, protección social e sobre calquera outro asunto que favoreza a consecución dos seus fins estatutarios.

2. As asociacións que cumpran os requisitos establecidos no artigo 48.2 poderán:

- a) Estar representadas no Consello de Persoal das Forzas Armadas.
- b) Contribuír por medio de informes ou consultas no proceso de elaboración de proxectos normativos que afecten o réxime de persoal.
- c) Presentar propostas ou realizar informes en relación cos asuntos que sexan competencia do Consello.

Artigo 41. *Exercicio.*

O exercicio do dereito de asociación profesional realizarase de tal modo que quede garantido o cumprimento das misións das Forzas Armadas, o desenvolvemento das operacións, o código de conduta dos seus membros e os preceptos desta lei.

Artigo 42. *Exclusións.*

1. Están excluídos do ámbito de actuación das asociacións profesionais o chamamento ao exercicio do dereito de folga, as accións substitutivas desta, a negociación colectiva e a adopción de medidas de conflito colectivo, así como a realización de accións que excedan o exercicio dos dereitos recoñecidos nesta lei aos membros das Forzas Armadas, especialmente os regulados nos artigos 12 e 13.

2. As asociacións profesionais non poderán realizar actividades paramilitares nin exercicios de formación e instrución dese carácter.

Artigo 43. *Representantes das asociacións.*

Terán a condición de representantes das asociacións profesionais aqueles militares profesionais que, encontrándose nas situacións administrativas a que se refire o artigo 34.1 e tendo a condición de afiliados, fosen designados para isto de acordo co procedemento establecido nos seus estatutos. Os efectos desa designación produciranse a partir do día seguinte ao da súa inscrición no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas.

Artigo 44. *Medios para as asociacións.*

1. Nas unidades habilitaranse lugares e procedementos adecuados para a exposición e difusión dos anuncios, comunicacións ou publicacións das asociacións profesionais. O Ministerio de Defensa facilitará esa difusión a través de vías xerais de comunicación electrónica.

2. Nas delegacións e subdelegacións de Defensa proporcionaranse locais e medios adecuados para uso común das asociacións profesionais, mediante os acordos que se establezan coas asociacións que cumpran os requisitos establecidos no artigo 48.2.

3. Na aplicación dos números anteriores teranse en conta as limitacións previstas no artigo 41, en especial as relativas ás unidades en exercicios e operacións.

4. As asociacións non poderán utilizar locais pertencentes ou cedidos a organizacións políticas ou sindicais.

Artigo 45. *Convocatoria e realización de reunións das asociacións.*

1. As asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas poderán reunirse de acordo cos seus estatutos e polos seus propios medios, aténdose á lexislación de carácter xeral na materia.

As asociacións poderán solicitar a utilización dos locais a que se refire o artigo anterior para realizar encontros ou reunións dos seus órganos de goberno ou grupos de traballo. Para efectos do control de seguranza, os representantes da asociación comunicarán coa debida anticipación a identificación dos asistentes.

2. As asociacións que cumpran os requisitos establecidos no artigo 48.2 poderán solicitar aos delegados e subdelegados de Defensa a utilización de locais, preferentemente en instalacións das propias delegacións ou subdelegacións de Defensa, para a realización de reunións informativas destinadas a membros das Forzas Armadas. No caso de que pola falta de dispoñibilidade de locais apropiados non sexa posible atender a solicitude, os delegados ou subdelegados de Defensa xestionarán a utilización de locais adecuados, que poderán estar situados noutras instalacións do Ministerio de Defensa, que non sexan unidades da forza ou do apoio á forza dos Exércitos.

3. A solicitude de autorización para a realización de reunións informativas dirixirse aos delegados ou subdelegados de Defensa cunha anticipación mínima de setenta e dúas horas. Nela farase constar o lugar, data, hora e duración prevista, así como o obxecto da reunión. Tamén figurarán os datos dos asinantes que acrediten a representación da asociación para convocar a reunión, conforme os seus estatutos e, se for o caso, a petición de local adecuado.

Se antes das vinte e catro horas anteriores á data da realización da reunión a autoridade competente non formular obxeccións mediante resolución expresa, poderá ter lugar sen outro requisito posterior.

4. As reunións realizaranse fóra do horario habitual de traballo, non poderán interferir no funcionamento das unidades nin na prestación de gardas ou servizos e non se poderán convocar nin ter lugar no ámbito dos exercicios ou operacións militares. Os convocantes da reunión serán responsables do seu normal desenvolvemento.

CAPÍTULO II

Do Consello de Persoal das Forzas ArmadasArtigo 46. *Ámbito de actuación.*

1. A participación das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas e a súa interlocución co Ministerio de Defensa terá lugar no Consello de Persoal das Forzas Armadas, ante o cal poderán presentar propostas ou suxestións en materias relacionadas co seu estatuto e condición de militar, o exercicio dos dereitos e liberdades, o réxime de persoal e as condicións de vida e traballo nas unidades.

2. Quedan excluídas do ámbito de actuación do Consello as materias relacionadas con decisións de política de seguranza e defensa, co planeamento e desenvolvemento dos exercicios ou operacións militares e o emprego da forza.

Artigo 47. *Réxime do Consello.*

O Consello de Persoal das Forzas Armadas terá a composición, funcións e réxime de traballo establecidos neste capítulo e no desenvolvemento regulamentario desta lei. O regulamento incluírá as normas que sexan precisas para determinar o procedemento e os prazos de designación e incorporación dos vogais representantes das asociacións que acreditasen as condicións requiridas.

Artigo 48. *Composición.*

1. O Consello presidirao o ministro de Defensa e cando non asista farao o subsecretario de Defensa. Estará constituído, en igual número por ambas as partes, polos representantes das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas que cumpran os requisitos do número 2 e polos representantes do Ministerio de Defensa designados para o efecto, entre os cales figurarán os mandos ou xefes de persoal dos Exércitos.

2. Para poderen acceder ao Consello, as asociacións deberán contar, en relación aos efectivos das Forzas Armadas nas situacións a que se refire o artigo 34.1 desta lei, cun mínimo de afiliados do 1%, se os seus estatutos están abertos a todas as categorías incluídas nese artigo, do 3% dos membros da súa categoría se a asociación é exclusivamente de oficiais ou de suboficiais, e do 1,5% no caso das asociacións de militares de tropa e mariñeiría. No suposto de que inclúan afiliados de dúas categorías, deberán cumprir esas porcentaxes en cada unha delas. As porcentaxes poderanse reducir mediante real decreto do Consello de Ministros con obxecto de facilitar a adecuada representatividade e funcionalidade do Consello, e deberanse referir aos datos feitos públicos polo Ministerio de Defensa ao finalizar cada ano natural.

3. O mandato dos membros das asociacións profesionais, que estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades por razón do cargo que regulamentariamente se determine, manterase até que os órganos de goberno de cada asociación procedan a unha nova designación.

Artigo 49. *Funcións do Consello.*

1. O Consello realizará as seguintes funcións:

a) Recibir, analizar e valorar as propostas ou suxestións presentadas polas asociacións profesionais independentemente de que estean representadas ou non no Consello.

b) Ter coñecemento e ser oído sobre as seguintes cuestións:

1.^a Establecemento ou modificación do estatuto profesional e do réxime disciplinario das Forzas Armadas.

2.^a Determinación das condicións de traballo.

- 3.^a Réxime retributivo.
- 4.^a Plans de formación e perfeccionamento da ensinanza nas Forzas Armadas.
- 5.^a Réxime de permisos, vacacións e licenzas.
- 6.^a Plans de previsión social complementaria.
- 7.^a Asuntos que afecten outros aspectos sociais, profesionais e económicos dos militares.

c) Emitir informe, con carácter preceptivo e previo á súa aprobación, sobre as disposicións legais e os seus desenvolvementos regulamentarios que se diten sobre as materias citadas na alínea anterior.

d) Recibir información trimestral sobre política de persoal.

e) Coñecer as estatísticas trimestrais sobre o índice de absentismo e as súas causas, os accidentes en acto de servizo e enfermidades profesionais e as súas consecuencias e sobre os índices de sinistralidade, así como os estudos periódicos ou específicos que se realicen sobre condicións de traballo.

f) As demais que lle atribúan as leis e disposicións xerais.

2. Os vogais das asociacións que formen parte do Consello elixirán, entre eles, até tres representantes nos órganos de goberno ou dirección das mutualidades, asociacións e entidades de previsión social e asistencial cuxo ámbito de actuación inclúa membros das Forzas Armadas e as súas familias, cando así o prevexa a súa normativa específica.

Artigo 50. *Réxime de traballo.*

1. Para o seu funcionamento o Consello poderase reunir en pleno ou por comisións.

2. As comisións tratarán aqueles asuntos de carácter específico que lles sexan asignados polo pleno.

3. As sesións do Consello de Persoal das Forzas Armadas poderán ser ordinarias e extraordinarias. O Consello reunirse en sesión ordinaria, para o despacho dos asuntos da súa competencia, ao menos, unha vez cada tres meses. O Consello reunirse en sesión extraordinaria cando sexa convocado polo seu presidente, por iniciativa propia ou por solicitude da maioría dos vogais que representen as asociacións profesionais no Consello. A solicitude deberase realizar mediante escrito dirixido ao presidente.

4. Nas sesións do Consello, o tratamento de cada unha das propostas que figuren na orde do día iniciarase coa súa presentación e defensa por parte da asociación proponente cando asista un dos seus representantes, ou coa súa lectura nos demais casos. O resumo do debate quedará reflectido na acta a que se refire o número seguinte.

5. As actas do pleno e das comisións, unha vez aprobadas polo propio Consello, serán remitidas ao Observatorio da Vida Militar.

6. Os informes do Consello recollerán os acordos alcanzados nos temas que figuren na orde do día cando, após os debates correspondentes, se produza consenso entre os vogais representantes das asociacións profesionais das Forzas Armadas e os da Administración. De non existir ese acordo, os informes conterán as diferentes posicións reflectidas nas actas das reunións.

7. No ámbito da Subsecretaría de Defensa existirá unha secretaría permanente do Consello que proporcionará os apoios administrativos necesarios. O seu responsable actuará como secretario nas reunións do Consello.

Artigo 51. *Dereitos dos membros do Consello de Persoal representantes das asociacións.*

Os representantes das asociacións no Consello de Persoal terán os seguintes dereitos:

a) Non ser discriminados na súa promoción profesional en razón do desempeño da súa representación.

b) Dispor de créditos de tempo para o exercicio das súas funcións na preparación dos temas, elaboración de propostas e posible pertenza a grupos de traballo do Consello.

c) Asistir ás reunións do Consello en pleno ou en comisións, ordinarias ou extraordinarias. A asistencia ás citadas reunións terá a consideración de acto de servizo preferente.

d) Expor e difundir os anuncios, comunicacións ou publicacións da súa asociación a través dos medios, procedementos e vías xerais de comunicación electrónica facilitados polo Ministerio de Defensa, aos cales se refire o artigo 44.1.

TÍTULO IV

Dos reservistas

Artigo 52. *Réxime de dereitos fundamentais e liberdades públicas dos reservistas.*

1. Aos reservistas e aos aspirantes a reservistas cando se encontren activados e incorporados ás Forzas Armadas, dada a súa condición militar, seralles de aplicación o previsto nos artigos 3 ao 17 coas particularidades que se establecen nos números seguintes.

2. En canto non se encontren activados, os reservistas non teñen condición de militar, ben que nas súas relacións co Ministerio de Defensa, derivadas de tal condición, respectarán as canles e normas de cortesía de aplicación nas Forzas Armadas, sendo acredores igualmente do respecto e consideración debidos á súa categoría militar.

3. Poderán manter a súa afiliación a organizacións políticas ou sindicais, pero quedará suspendida en canto se encontren incorporados ás Forzas Armadas.

4. Respectarán a neutralidade política e sindical establecida no artigo 7 aínda que, fóra da súa unidade e sen faceren uso da súa condición de militar, poderán realizar actividades políticas e sindicais derivadas da súa adscrición previa a un partido ou sindicato sempre que non estean relacionadas coas Forzas Armadas.

5. Poderán constituír asociacións de reservistas de acordo co previsto na Lei orgánica reguladora do dereito de asociación. O exercicio deste dereito non poderá implicar a conculcación do deber de neutralidade política e sindical.

6. Os reservistas non poderán pertencer ás asociacións profesionais reguladas no título III, capítulo I.

7. O réxime xeral de dereitos e deberes dos reservistas é o establecido no título VI da Lei da carreira militar e nas súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

8. A vulneración do disposto nos números anteriores, así como a comisión dun acto contrario ao prestixio das Forzas Armadas, dará lugar ao inicio dun expediente para a súa verificación que poderá concluír coa baixa do reservista, de acordo co que se determine regulamentariamente.

TÍTULO V

Do Observatorio da Vida Militar

Artigo 53. *Obxecto e natureza.*

1. Créase o Observatorio da Vida Militar como órgano colexiado, de carácter asesor e consultivo, adscrito ás Cortes Xerais, para a análise permanente da condición de militar e da forma con que o Estado vela polos intereses dos membros das Forzas Armadas.

2. O Ministerio de Defensa proporcionará a sede e o apoio administrativo necesario para o funcionamento do Observatorio, que contará cun órgano de traballo permanente.

Artigo 54. *Funcións.*

1. Ao Observatorio da Vida Militar correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Efectuar análises e propostas de actuación sobre o exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas dos membros das Forzas Armadas.
- b) Elaborar, de oficio ou por pedimento de parte, informes e estudos sobre o réxime de persoal e as condicións de vida nas Forzas Armadas.
- c) Propor medidas que axuden á conciliación da vida profesional, persoal e familiar dos militares.
- d) Promover a adaptación do réxime do persoal militar aos cambios que se operen na sociedade e na función pública.
- e) Analizar os problemas que no medio familiar dos afectados se producen como consecuencia da súa dispoñibilidade, mobilidade xeográfica e do seu específico exercicio profesional que leva consigo a participación en operacións no exterior.
- f) Avaliar a achega adicional de recursos humanos ás Forzas Armadas a través das diferentes modalidades de reservistas.
- g) Velar pola aplicación aos militares retirados da normativa que ampara os seus dereitos pasivos e asistenciais e, se for o caso, efectuar propostas de mellora sobre ela.

2. O Observatorio será destinatario dos informes e actas do Consello de Persoal das Forzas Armadas, nos cales quedarán recollidas as propostas ou suxestións presentadas polas asociacións profesionais e os acordos alcanzados.

Recibirá, igualmente, a información anual a que se refire o parágrafo terceiro do número 2 do artigo 28 sobre o contido das iniciativas e propostas presentadas polos membros das Forzas Armadas e o resultado do seu estudo.

3. O Observatorio poderá obter información dos órganos competentes na definición da política de persoal militar e da súa xestión no ámbito do Ministerio de Defensa e dos Exércitos e realizar, mediante a adecuada programación, visitas a unidades militares para o cumprimento das súas funcións, en especial a da alínea 1.b).

4. O Observatorio elaborará anualmente unha memoria que recollerá a súa actividade ao longo do exercicio correspondente, o estado da condición de militar no relativo aos asuntos da súa competencia e as recomendacións pertinentes para a súa mellora, que será presentada ante as comisións de Defensa do Congreso dos Deputados e do Senado. Cando o considere oportuno, pola súa urxencia ou importancia, poderá efectuar recomendacións sobre algún asunto concreto en calquera momento.

Artigo 55. *Composición.*

1. O Observatorio da Vida Militar estará composto por cinco membros elixidos polo Congreso dos Deputados e outros catro polo Senado, entre personalidades de recoñecido prestixio no ámbito da defensa ou no de recursos humanos ou no de dereitos fundamentais e liberdades públicas. O seu nomeamento efectuarase por maioría absoluta co apoio de, ao menos, tres grupos parlamentarios en cada cámara e por un período de cinco anos. A pertenza ao Observatorio non será retribuída.

Os membros do Observatorio non poderán manter cargos electos de representación política.

2. Os seus compoñentes elixirán de entre eles mesmos a quen corresponderá exercer a presidencia do Observatorio.

Artigo 56. *Funcionamento.*

1. O Observatorio reunirse ao menos dúas veces ao ano en sesión ordinaria e tantas veces como sexa convocado pola súa Presidencia ou por unha maioría dos seus membros en sesión extraordinaria.

2. O réxime de funcionamento do Observatorio da Vida Militar, o estatuto dos seus membros e a composición e funcións do órgano de traballo determinaranse regulamentariamente, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. *Militares retirados.*

1. Os militares retirados ou nunha situación administrativa en que teñan suspendida a súa condición militar poderán manter a súa afiliación ou afiliarse ás asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas, sempre que o permitan os correspondentes estatutos, nunha clase de asociado que non lles permitirá formar parte dos seus órganos de goberno nin actuar na súa representación. Nas actividades de carácter político e sindical que realicen, así como nas reunións ou manifestacións en que participen, non poderán intervir na súa condición de membros destas asociacións.

2. O Ministerio de Defensa establecerá as vías adecuadas para que as asociacións non incluídas no número anterior que teñan entre as súas finalidades a defensa dos intereses económicos e sociais dos militares retirados poidan presentar as súas propostas e ter acceso a información do seu interese.

3. As asociacións de militares retirados e discapacitados máis representativas serán convocadas ás reunións do pleno do Consello de Persoal das Forzas Armadas, para tratar asuntos que poidan afectar os seus asociados, ao menos, unha vez ao ano.

Disposición adicional segunda. *Supresión dos consellos asesores de persoal.*

A partir da entrada en vigor desta lei, os consellos asesores de persoal regulados no artigo 151 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, quedan suprimidos e entregarán a documentación e arquivos aos órganos de persoal correspondentes na forma e nos prazos que determine o ministro de Defensa.

Disposición transitoria única. *Centro Nacional de Intelixencia.*

En canto non se actualice a normativa sobre o réxime de dereitos e deberes do persoal do Centro Nacional de Intelixencia, as referencias ao título V das Reais ordenanzas para as Forzas Armadas, que figuran no artigo 37 do Real decreto 1324/1995, do 28 de xullo, modificado polo Real decreto 327/2004, do 27 de febreiro, do Estatuto do persoal do Centro Nacional de Intelixencia, entenderanse efectuadas aos preceptos aplicables dos artigos 7 a 13, números 1 e 3 do 14 e artigos 15 a 17 desta lei orgánica, de conformidade co artigo 8 da Lei 11/2002, do 6 de maio, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia, modificado pola disposición derradeira quinta da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Disposición derogatoria única. *Derrogacións.*

1. Queda derogada, no que non o estivese xa pola Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, a Lei 85/1978, do 28 de decembro, de reais ordenanzas para as Forzas Armadas.

2. Tamén quedan derogados os artigos 150 e 151, o número 1 do 152, os artigos 154, 155 e 160 ao 162 e a disposición derradeira segunda da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

3. Así mesmo, quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan a esta lei orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.*

A alínea e) do artigo 2 da Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión, queda redactada do seguinte modo:

«e) As que se realicen en unidades, buques e demais establecementos militares, que se rexerán pola súa lexislación específica.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical.*

A disposición adicional terceira da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional terceira.

O persoal civil que exerza o dereito recoñecido no artigo 2.1.d) en unidades, buques e demais establecementos militares deberá ter en conta e respectar o principio de neutralidade política e sindical dos membros das Forzas Armadas e axustarse ás normas sobre actividade sindical dos empregados públicos.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do dereito de petición.*

Queda sen contido o número 2 do artigo 1 da Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do dereito de petición.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.*

A alínea c) do artigo 3 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, queda redactada do seguinte modo:

«c) Os membros das Forzas Armadas e da Garda Civil deberanse ater ao que dispoña a súa lexislación específica para o exercicio do dereito de asociación no que se refire a asociacións profesionais.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.*

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«1. As regras esenciais que definen o comportamento do militar son as definidas na Lei orgánica de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas.»

Dous. Modifícase a disposición adicional sexta coa adición dun novo número 1, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sexta. *Acceso ao Corpo Militar de Sanidade na especialidade de medicina.*

1. Ademais do modelo de formación previsto no artigo 44.2, no Corpo Militar de Sanidade, na especialidade de medicina, tamén se poderá ingresar sen titulación universitaria previa na cota que se determine na provisión anual de prazas correspondente.

Neste caso, a formación de oficiais médicos comprenderá, por unha parte, a formación militar xeral, específica e técnica e, por outra, a correspondente ao título universitario oficial de graduado en medicina.

As ensinanzas conducentes á obtención do correspondente título de grao que habilite para o exercicio da profesión regulada de médico serán impartidas por aquelas universidades públicas con que se acorde o correspondente convenio de colaboración.

Os requisitos específicos para o ingreso, cando se acceda sen titulación, serán os establecidos no primeiro parágrafo do artigo 57.1 desta lei.

Aos alumnos do centro docente militar de formación seralles de aplicación o réxime establecido nesta lei e, especialmente, o previsto no artigo 71.1 referente ao

resarcimento económico ao Estado cando se cause baixa por petición propia desde o primeiro ano da súa formación.

Para a renuncia á condición de militar de carreira será requisito ter cumpridos doce anos de tempo de servizos desde o seu acceso á escala.

2. Sen prexuízo do establecido no artigo 56, tamén poderán acceder a militar de complemento no Corpo Militar de Sanidade na especialidade de medicina, sen posuíren a nacionalidade española, os nacionais dos países que regulamentariamente se determinen de entre aqueles que manteñen con España especiais vínculos históricos, culturais e lingüísticos, nas prazas que se determinen na provisión anual correspondente.

Seralles de aplicación o réxime dos militares de complemento establecido nesta lei, tendo en conta que o seu compromiso terá unha duración, contando desde o seu nomeamento como alumno, de oito anos e que poderán acceder á condición de militar de carreira, de acordo co previsto no artigo 62, unha vez adquirida a nacionalidade española.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.*

O artigo 15 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 15. *Promoción interna.*

Aos militares profesionais de tropa e mariñeiría que leven ao menos un ano de tempo de servizos facilitaráselles a promoción interna, dentro do seu exército, ao ensino militar de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais. Para estes efectos reservaráselles, polo menos, o 80 por cento das prazas convocadas e, tendo en conta as características, facultades e exixencias de cada escala, poderase reservar, nalgúns casos, a totalidade das prazas convocadas.

Igualmente, facilitaráselles a participación nos diferentes procesos de promoción ao ensino militar de formación, para a incorporación ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña, dentro do seu exército, coa reserva de prazas que estableza o Consello de ministros.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas.*

Engádese unha nova disposición adicional á Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. *Protección específica en determinados supostos.*

Nos supostos de paso a retiro como consecuencia de insuficiencia de condicións psicofísicas en acto de servizo ou terrorismo que impliquen inutilidade permanente, absoluta ou grande invalidez, ou en situacións graves especiais de necesidade persoal, social ou económica, coincidentes coa aplicación do artigo 9 ou do número 1 do artigo 10, poderá manterse o uso da vivenda, polo titular ou os beneficiarios a que se refire o artigo 6, mentres subsistan esas situacións e sempre que se manteña a ocupación real e efectiva da vivenda.»

Disposición derradeira oitava. *Adaptación do réxime disciplinario das Forzas Armadas.*

1. O Goberno deberá remitir ao Congreso dos Deputados no prazo dun ano un proxecto de lei de reforma da Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas. O texto terá en conta a doutrina do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo sobre dereitos e garantías fundamentais no exercicio da potestade disciplinaria no ámbito militar e a súa necesaria

adaptación á plena profesionalización das Forzas Armadas, á presenza da muller e á organización e misións que lles veñen sinaladas na Lei orgánica da defensa nacional.

2. O réxime disciplinario incluírá unha regulación específica para as unidades e persoal destacados en zonas de operacións, nos termos que para estes determina o artigo 16 da Lei orgánica da defensa nacional.

3. O Goberno tamén deberá remitir ao Congreso dos Deputados un proxecto de lei para a actualización da Lei orgánica 13/1985, do 9 de decembro, do Código penal militar e para realizar as necesarias adaptacións das leis procesuais militares.

Disposición derradeira novena. *Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas.*

O ministro de Defensa, no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor desta lei, procederá a regular o Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas previsto no artigo 36.1.

Disposición derradeira décima. *Constitución do Consello de Persoal das Forzas Armadas e do Observatorio da Vida Militar.*

O Goberno, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, procederá a regular o Consello de Persoal das Forzas Armadas e a establecer o calendario para a súa constitución.

O Observatorio da Vida Militar deberá estar constituído no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei.

Disposición derradeira décimo primeira. *Avaliación polo Observatorio da Vida Militar.*

1. O Observatorio da Vida Militar efectuará unha análise e avaliación sobre:

- a) O exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas dos membros das Forzas Armadas.
- b) As funcións, réxime de traballo e representatividade do Consello de Persoal das Forzas Armadas.
- c) O réxime de dereitos e garantías dos compoñentes do Consello de Persoal en representación das asociacións profesionais.
- d) O propio Observatorio da Vida Militar.

2. O Observatorio efectuará, así mesmo, anualmente, unha análise específica sobre os elementos que configuran a carreira militar, os recoñecementos con carácter honorífico e os correspondentes procesos de transición derivados do desenvolvemento e aplicación da Lei da carreira militar. O Observatorio presentará o informe anual correspondente ante a Comisión de Defensa do Congreso dos Deputados, que emitirá un ditame sobre o seu contido, e poderase, se for o caso, incluír recomendacións nel.

3. Nos informes poderanse presentar suxestións que afecten tanto as normas legais e regulamentarias precisas como cuestións de xestión e procedemento.

Disposición derradeira décimo segunda. *Reforma do réxime transitorio da Lei da carreira militar.*

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, o Goberno remitirá ao Congreso dos Deputados un proxecto de lei para a reforma do réxime transitorio da Lei da carreira militar, após a experiencia adquirida na súa aplicación. Para estes efectos, a Comisión de Defensa do Congreso dos Deputados emitirá un ditame, con carácter previo, que aborde os diferentes elementos do período transitorio da lei, en particular os referidos á promoción e cambio de escala, réxime de ascensos, antigüidade, paso á situación de reserva e recoñecementos académicos da formación adquirida, así como ao retiro do persoal discapacitado, considerando, se for o caso, os correspondentes efectos económicos.

Disposición derradeira décimo terceira. *Título competencial.*

Esta lei orgánica dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.1.^a e 4.^a da Constitución.

Disposición derradeira décimo cuarta. *Carácter de lei ordinaria.*

Teñen carácter de lei ordinaria o número 2 do artigo 1, os artigos 18 ao 32 e 46 ao 51, os números 2, 7 e 8 do artigo 52 e os artigos 53 ao 56, así como a disposición adicional segunda, os números 1 e 2 da disposición derogatoria única e as disposicións derradeiras quinta, sexta, sétima, décima, décimo primeira e décimo segunda.

Disposición derradeira décimo quinta. *Entrada en vigor.*

A presente lei orgánica entrará en vigor o día 1 de outubro de 2011.

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 27 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO